

5 Tempo Ordinario – B

EVANXEO

+ Marcos 1, 29-39

Despois de saír da sinagoga, foi á casa de Simón e mais de Andrés, con Santiago e Xoán. A sogra de Simón estaba na cama con febre, e axiña lle faláron dela. E, achegándose, colleuna pola man e ergueuna; desapareceulle a febre e púxose a servilos.

Chegada a tardiña, xa de sol posto, leváronlle todos os enfermos e endemoñados; a vila enteira se amoreou na porta. E sandou a moitos enfermos de varias doenzas e botou moitos demoños. Pero ós demoños non os deixaba falar, porque o coñecían ben.

Erguéndose moi cedo, aínda de noite, saíu para un lugar arredado, onde se puxo a orar. Simón e mais os seus compañeiros fórono seguindo, e cando o atoparon, díxéronlle:

-Todos te andan a buscar.

El respondeu:

-Vaíamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para predicarmos tamén alí, que para isto vin.

E foi predicando polas sinagogas de Galilea, botando fóra os demos.

Palabra de Deus.

HOMILIA

08/02/2015

RETIRARSE A ORAR

No medio da súa intensa actividade de profeta itinerante, Xesús coidou sempre a súa comunicación con Deus no silencio e na soidade. Os Evanxeos conservaron o recordo dun costume seu que causou fonda impresión: Xesús adoitaba retirarse de noite a orar.

O episodio que narra Marcos axúdanos a coñecermos o que significaba a oración para Xesús. A véspera fora unha xornada dura. Xesús «curara a moitos enfermos». O éxito fora moi grande. Cafarnaúm estaba conmocionada: «A poboación enteira apiñábase» en torno a Xesús. Todo o mundo falaba del.

Esa mesma noite, «de madrugada», entre as tres e as seis da mañá, Xesús érguese e, sen avisar aos seus discípulos, retírase ao descampado. «Alí púxose a orar». Necesita estar a

soas co seu Pai. Non quere deixarse atordar polo éxito. Só busca a vontade do Pai: coñecer ben o camiño que ha percorrer.

Sorprendidos pola súa ausencia, Simón e os seus compañeiros corren a buscalo. Non dubidan en interromper o seu diálogo con Deus. Só queren retelo: «Todo o mundo te busca». Pero Xesús non se deixa programar desde fóra. Só pensa no proxecto do seu Pai. Nada nin ninguén o apartará do seu camiño.

Non ten ningún interese en ficar a gozar do seu éxito en Cafarnaúm. Non cederá ante o entusiasmo popular. Hai aldeas que aínda non escoitaron a Boa Noticia de Deus: «Imos predicar tamén alí».

Un dos trazos máis positivos no cristianismo contemporáneo é ver como se vai despertando a necesidade de coidar máis a comunicación con Deus, o silencio e a meditación. Os cristiáns máis lúcidos e responsábeis queren arrastrar á Igrexa de hoxe a vivir de xeito máis contemplativo.

É urxente. Os cristiáns, polo xeral, xa non sabemos estarmos a soas co Pai. Os teólogos, predicadores e catequistas falamos moito de Deus, pero falamos pouco con el. O costume de Xesús esqueceuse hai moito tempo. Nas parroquias fanse moitas reunións de traballo, pero non sabemos retirármolos para descansarmos na presenza de Deus e enchérmonos da súa paz. Cada vez somos menos para facer máis cousas. O noso risco é caermos no activismo, e desgastármolos no baleiro interior. Con todo, o noso problema non é ter moitos problemas, senón non ter a forza espiritual necesaria para enfrontármolos a eles.

José Antonio Pagola

Tradutor: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

05/02/2012

Á PORTA DA NOSA CASA

Na sinagoga de Cafarnaúm Xesús liberou pola mañá un home posuído por un espírito maligno. Agora dísenos que sae da «sinagoga» e vai «á casa» de Simón e Andrés. A indicación é importante pois, no evanxeo de Marcos, o que sucede nesa casa encerra sempre algún ensino para as comunidades cristiás.

Xesús pasa da sinagoga, lugar oficial da relixión xudaica, á casa, lugar onde se vive a vida cotiá xunto aos seres máis queridos. Nesa casa vai ir xerándose a nova familia de Xesús. As comunidades cristiás han de recordar que non son un lugar relixioso onde se vive da Lei, senón un fogar onde se aprende a vivir de xeito novo arredor de Xesús.

Ao entrar na casa, os discípulos fálanlle da sogra de Simón. Non pode saír a acollelos pois está prostrada na cama con febre. Xesús non necesita máis. De novo

vai romper o sábado por segunda vez o mesmo día. Para el o importante é a vida sa das persoas, non as observancias relixiosas. O relato describe con todo detalle os xestos de Xesús coa muller enferma.

“Achegouse». É o primeiro que fai sempre: achegarse aos que sofren, mirar de preto o seu rostro e compartir o seu sufrimento. Logo, colleuna da man»: toca á enferma, non teme as regras de pureza que o prohiben; quere que a muller sinta a súa forza curadora. Por fin, levantouna», púxoala de pé, devolveulle a dignidade.

Así está sempre Xesús no medio dos seus: como unha man tendida que nos levanta, como un amigo próximo que nos infunde vida. Xesús só sabe servir, non ser servido. Por iso a muller curada por el ponse a «servir» a todos. Aprendeuno de Xesús. Os seus seguidores han vivir acolléndose e coidándose uns a outros.

Pero sería un erro pensar que a comunidade cristiá é unha familia que pensa solo nos seus propios membros e vive de costas ao sufrimento dos demais. O relato di que, ese mesmo día, «ao poñer o sol», cando rematou o sábado, lle levan a Xesús toda clase de enfermos e posuídos por algún mal.

Os cristiáns habemos de gravar ben a escena. Ao chegar a escuridade da noite, a poboación enteira cos seus enfermos «amontóase á porta». Os ollos e as esperanzas dos que sofren buscan a porta desa casa onde está Xesús. A Igrexa só atrae de verdade cando a xente que sofre pode descubrir dentro dela a Xesús curando a vida e aliviando o sufrimento. Á porta das nosas comunidades hai moita xente sufrindo. Non o esquezamos.

José Antonio Pagola
Traduciu: Xaquín Campo Freire

HOMILIA

08/02/2009

(Véxase homilía 2015/02/08)

José Antonio Pagola
Tradutor: Xaquín Campo Freire

Blog: <http://sopelakoeliza.blogspot.com>

<http://iglesiadesopelana.blogspot.com>

José Antonio Pagola Itxaldiaren Bideoak ikusteko:

<http://iglesiadesopelana3v.blogspot.com>